

Addenda á programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura para os diferentes cursos da ESO

AVALIACIÓN

Na programación didáctica do departamento de Lingua castelá e Literatura para os diferentes cursos da ESO, no apartado 7.2 onde se concreta a obtención das cualificacións das avaliacións parciais queda como está e eliminaremos todo o referente á avaliación extraordinaria posto que esta desaparece.

Na primeira semana de xuño de 2022 terá lugar a **terceira avaliación parcial**. A nota de dita avaliación calcularase seguindo os mesmos criterios recollidos na programación para a primeira e a segunda avaliación.

Avaliación final

Ñ Substituiremos a expresión “avaliación ordinaria” por “avaliación final” que terá lugar a partires do día 23 de xuño.

Ñ **Alumnado con algunha avaliación parcial suspensa:**

O período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final adicarase a reforzar e dar apoio a estes alumnos e a recuperar aquela parte da materia que teñan suspensa. Ao final de dito período os alumnos deberán:

- Presentar feitos os exercicios de repaso proporcionados pola profesora durante eses días.
- Presentar o caderno de clase debidamente corrixido e completado cos apuntes pertinentes.
- Realizar una proba escrita relativa a aquelas partes da materia que non superara.
- Realizar unha proba ou un traballo das lecturas non superadas.

A nota final destes alumnos calcularase tendo en conta os seguintes parámetros:

1. Exercicios de repaso: 10%
2. Caderno: 10%
3. Lecturas: 10%
4. Exame: 70%

Ñ **Alumnado con toda a materia aprobada:**

Durante o período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final o alumnado con toda a materia aprobada realizará unha serie de actividades de ampliación e reforzo que poderán modificar a nota nun punto.

A nota final destes alumnos calcularase da seguinte maneira:

1. 1ª avaliación: 30%
2. 2ª avaliación: 30%
3. 3ª avaliación: 30%
4. Avaliación final: 10%

Procedemento para a cualificación das materias pendentes

O alumnado que teña pendente a materia, terá que presentarse ós exames de recuperación que se levarán a cabo no período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. Estes alumnos falarán coa profesora correspondente que lles orientará e lles proporcionará actividades de repaso para poder superar sen dificultade a materia. Para poder aprobala terán que acadar unha nota igual ou superior a 5.